



## **GUILLERME VÁZQUEZ EXIXE A AVALIACIÓN DOS DANOS DO TEMPORAL NA LIMIA E QUE SE POÑAN EN MARCHA AXUDAS PARA OS AGRICULTORES DA COMARCA**

### **O portavoz nacional visitou as zonas afectadas polo temporal na comarca da Limia, que estragaron a colleita de cereal e naves de almacenamento de pataca**

**Santiago de Compostela, 8 Marzo 10.** O portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez, realizou esta mañá unha visita ás zonas afectadas polo temporal na comarca da Limia, onde fixo un percorrido para comprobar a situación das veigas de cereal asolagadas en Piñeira Seca (Xinzo de Limia) e dos danos causados en naves agrícolas. "Debemos de esixir con urxencia, en primeiro termo á Xunta de Galiza, Deputación, concellos e Goberno central que, cando menos, se deixen caer pola zona para avaliar os danos do temporal e poñan en marcha axudas para que esta xente poida saír da situación na que se atopa", sinalou Guillermo Vázquez.

Guillermo Vázquez comprobou *in situ* os "innumerábeis danos en bens privados" e afirmou que "resulta incomprendible e lamentábel que ás distintas administracións da Xunta de Galiza nin se lles ve nin se lles espera". "Estamos diante da nave dun agricultor que ten afectadas as súas instalacións e os seus propietarios teñen que estar durmindo nelas, facendo quendas, para protexer os seus bens", sinalou.

O portavoz nacional realizou esta visita acompañado do voceiro do BNG en Xinzo, Amador Díaz, da deputada Tereixa Paz, do senador Xosé Manuel Pérez Bouza e do alcalde de Allariz, Francisco García, entre outros, ademais de agricultores e membros das comunidades de regantes.

"É lamentábel que nin Concello, nin Xunta, nin Estado se preocupen pola situación dunhas persoas que teñen que verse obrigadas a defender os seus propios bens porque a autoridade non está dispoñíbel", dixo o portavoz nacional. Guillermo Vázquez engadiu que "estamos nunha comarca na que os prezos derivados da pataca están por debaixo dos prezos de produción, con toneladas sen vender a estas alturas, e agora vemos como unhas inundacións que botaron abaixo a colleita de cereal e dificultan as plantacións para futuras colleitas" van agravar a situación do sector agrario e o desenvolvemento económico desta comarca.

As administracións competentes "a estas alturas non avaliaron os danos, non pasaron pola zona e non puxeron en marcha un plan de axudas para que os agricultores poidan saír desta situación dende o punto de vista do BNG é intolerábel que vivan fóra da realidade e dos problemas da xente".

"A nós correspóndenos facer presión política para que isto non siga así e presentaremos iniciativas nos concellos, no Parlamento galego, no Congreso e no Senado e en todos aqueles órganos de representación onde estamos", afirmou.